

O NEONATO E A HUMANIZACIÓN DA SÚA CONTORNA



UNHA MIRADA DESDE A ATENCIÓN TEMPERÁ

26 DE NOVIEMBRE DE 2016
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CURSO DE FORMACIÓN

“O NEONATO E A HUMANIZACIÓN DA SÚA CONTORNA”

Unha mirada dende a Atención Temperá

Nos últimos anos a mortalidade perinatal diminuíu de forma espectacular pola maioría dos coidados obstétricos e neonatais. Esta diminución da mortalidade neonatal condiciona un incremento progresivo da poboación de risco. É por iso necesario que os centros que asisten a recém nacidos de risco dispoñan de programas específicos cuxo obxectivo fundamental sexa detectar e tratar precozmente as problemáticas que podan xurdir e que garanten un asesoramento familiar que potencie o benestar dos nosos recém nacidos.

Formulamos nesta xornada como a atención á familia e á contorna que rodean ó neonato. Actuacións dende a Atención temperá; resaltamos a importancia de capacitar ás familias para afrontar e adaptarse ás necesidades e condicións que van xurdindo nesta contorna; presentamos un modelo onde os pais e nais son participantes activos no proceso de intervención; buscamos a coordinación entre as e os profesionais e os servizos que atenden ao neonato promovendo a interdisciplinabilidade e a transdisciplinabilidade cuxo obxectivo común sempre será o benestar do neonato e da súa familia.

OBXECTIVOS:

- Aportar unha experiencia interdisciplinaria e transdisciplinaria da abordaxe integral das nenas e nenos prematuros e das súas familias.
- Dar a coñecer a primeira contorna externa onde se desenvolve o neonato e como esta contorna se pode optimizar para favorecer o desenvolvemento do bebé e da súa familia.
- Expoñer ferramentas e instrumentos que faciliten comprender o comportamento e as relacións temperás do neonato.

CONTIDOS:

- Historia da neonatoloxía.
- Contexto dunha unidade neonatal.
- Coidados centrados no desenvolvemento.
- Actuacións dende o papel do traballador ou traballadora social.
- Actuacións dirixidas ás familias desde o ámbito da Psicomotricidade.
- A importancia da interdisciplinabilidade e da transdisciplinabilidade.
- A escala NBAS de T.B. Brazelton e NBO de K. Nugent.
- Identificación de alteracións visuais en nenas e nenos prematuros e neonatos a término.
- Avaliación das funcións visuais.
- Coñecementos sobre o bebé cego, de baixa visión e o déficit visual cerebral.

CURSO DE FORMACIÓN

“O NEONATO E A HUMANIZACIÓN DA SÚA CONTORNA”

Unha mirada dende a Atención Temperá

PROGRAMA

Salón de Actos da Escola Galega de Administración Pública. Santiago de Compostela
Sábado 26 de novembro de 2016

Mañá

9:30-10:30 A Unidade Neonatal.

Nieves Balado Insunza.

Pediatra. Xefa do Servizo de Pediatría do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

10:30-11:30 Coidados Centrados no Desenvolvemento.

María Jesús Fernández Cotado.

Enfermeira na Unidade de Neonatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

11:30-12:00 Pausa – Café

12:00-12:30 O Traballo Social e a Atención Temperá.

M^a Xosé Vázquez Vázquez.

Traballadora Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

12:30-13:00 Acompañamento dende o ámbito da Psicomotricidad. Tecendo fíos afectivos.

Ana Belén Fernández Blanco.

Psicomotricista. Unidade de Atención Temperá do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

13:00-14:00 A Interdisciplinaridade entre Neonatoloxía e Atención Temperá. A familia.

Mercè Leonhardt Gallego.

Psicóloga especializada na atención temperá a nenas e nenos con déficit visual e outras discapacidades, e na atención a nais e pais.

Coordinadora Atención Temperá de Programas Internacionais da Fundación Ramón Martí Bonet contra a Cegueira e Fundación Vicente Ferrer na India.

Tarde

16:00–17:45 As capacidades do neonato. A Escala NBAS de T.B. Brazelton e NBO de K. Nugent

Identificación dunha alteración visual en nenas e nenos prematuros, e neonatos a término.

Mercè Leonhardt Gallego.

Psicóloga especializada na atención temperá a nenas e nenos con déficit visual e outras discapacidades, e na atención a nais e pais.

17:45-18:00 Descanso

18:00–20:00 Avaliación das funcións visuais.

O bebé cego, de baixa visión e o déficit visual cerebral.

Mercè Leonhardt Gallego.

Psicóloga especializada na atención temperá a nenas e nenos con déficit visual e outras discapacidades, e na atención a nais e pais.

CURSO DE FORMACIÓN

“O NEONATO E A HUMANIZACION DO SEU CONTORNO”

INSCRICIÓN

- Entrar en “Contacto” na páxina principal da web da AGAT: <http://www.atenciontemprana.com>
- Cubrir o formulario poñendo os vosos datos personais, profesión e lugar de traballo
- No apartado “email” poñede, por favor, o voso enderezo electrónico, para poder enviarnos notificacións.
- No renglón de “asunto” escribir “Inscripción Curso **O NEONATO E A HUMANIZACION DO SEU CONTORNO**”
- Finalmente premer (pinchar) no botón “Enviar”.
- Inmediatamente recibiredes unha mensaxe automática de saída da solicitude.
- Posteriormente, un correo de “AGAT formación” (formacion@atenciontemprana.com) confirmarádevos a recepción da solicitude e informarádevos, por rigurosa orde de chegada, de que para formalizar a matrícula hai que ingresar a cota correspondente na conta:

C/C da AGAT **2080 0553 50 3040005038** ABANCA

- A admisión ao curso será efectiva cando recibades outro correo de “AGAT formación” confirmando o ingreso da cota de inscrición na conta da AGAT.

COTAS:

Ata o día 12 de novembro:

- Cota de inscrición socios/as AGAT: **60 €**
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: **110 €**
- Cota de inscrición de non-socios/as: **90 €**

Despois do día 12 de novembro:

- Cota de inscrición socios/as AGAT: **80 €**
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: **130 €**
- Cota de inscrición de non-socios/as: **110 €**

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

atenciontemprana@atenciontemprana.com

agat@atenciontemprana.com

Tfno. 698 124 611

<http://www.atenciontemprana.com>

PRAZAS LIMITADAS.

UBICACIÓN:

Escola Galega da Administración Pública (EGAP)
Rúa de Madrid 2-4. FONTIÑAS - Santiago de Compostela.

DECLARACIÓN DE INTERESE SANITARIO:

En trámite